

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 24 DE OUTUBRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e catro de Outubro do Dou mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 17/10/2024

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/210

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 15/10/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL "SUMINISTRO PARA SEPARACIÓN Y RECICLADO EN ORIGEN DE BIORRESIDUOS. CUATRO LOTES: LOTE 1 COMPOSTEROS DOMÉSTICOS PARA EL TRATAMIENTO DE BIORRESIDUOS, LOTE 2 CALDEROS DOMÉSTICOS DE BIORRESIDUOS, LOTE 3 KITS DE COMPOSTAJE, LOTE 4 ACTUACIONES DE FORMACIÓN Y SEGUIMIENTO COMUNITARIO Y ACTUACIONES DE FORMACIÓN Y SEGUIMIENTO INDIVIDUAL. COFINANCIADO POR EL FONDO EUROPEO RELATIVO AL MECANISMO DE RECUPERACIÓN Y RESILIENCIA DE LA UE EN EL MARCO DEL



PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU.””

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/214

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 16/10/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “ILUMINACIÓN DECORATIVA DE NADAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O PERÍODO 2024/2025””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/219

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 16/10/2024. DECRETO: “APROBACIÓN PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA OBRA “PUESTA EN VALOR DEL ENTORNO LITORAL DE AMEIXIDA””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/226

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 16/10/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD, Y DEL PLAN DE GESTIÓN DE RESIDUOS DE LA OBRA “REGENERACION DEL BORDE LITORAL DE LA PLAYA DE LOS MOSQUEIROS Y FONTE SECA”. POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/267

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/10/2024. DECRETO: “RECTIFICACIÓN DE ERRORES MATERIALES EN EL CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE “REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO”, FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU (PRTR)”

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/303

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/10/2024. DECRETO: “2ª PRÓRROGA DO CONTRATO “PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E OUTRAS SANCIONES DO CONCELLO DE RIBEIRA.””



8.- SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS - Nerea Pazos Janeiro

SOLICITANTE: NEREA PAZOS JANEIRO

DNI: ***134***

EMPRESA: FABRICAMOS TU COMUNICACIÓN (ACTIVIDADE INICIADA 01/02/2024)

Visto o escrito presentado por D^a. Nerea Pazos Janeiro, con DNI ***134***, que tivo entrada neste concello na data 25/09/2024, rexistro entrada 24.020 e no que solicita un espazo no Viveiro de Empresas e os escritos presentados posteriormente o 03/10/2024 e 09/10/2024 completando a documentación presentada inicialmente.

Visto o informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira, de data 14/10/2024 e no que se recolle:

(...) *"PROXECTO. RESUMO DA ACTIVIDADE*

O proxecto centrase en conectar os valores e a identidade da marca dunha empresa coas necesidades e desexos da audiencia dunha maneira auténtica e efectiva.

Pretender entender a fondo o que fai única á marca dunha empresa e poder comunicalo de maneira convincente ao seu público obxectivo. Xa sexa a través de contido creativo, campañas en redes sociais, márketing de influencia ou estratexias de SEO. Comprometémonos a levar a túa mensaxe ás persoas adecuadas no momento adecuado.

PRODUTO OU SERVIZO.

Desenvolvemento & Deseño web: O sitio web representa a identidade do negocio no mundo dixital, por iso é moi importante que reflicta os valores da túa marca.

Axencia SEO & SEM: O obxectivo principal do SEO é optimizar a visibilidade dun sitio web nos motores de procura, especialmente en Google, co fin de establecelo como líder no seu sector. Para lograr unha posición destacada.

Redes sociais & Community Management: O 67% dos usuarios busca información sobre as empresas a través das redes sociais. Non é motivo suficiente para empezar a ter presenza de marca en Social Media? Se o teu negocio non está en redes sociais...non existe! Contamos cun equipo de cracks especializado en dirección e xestión de redes sociais.."

(...) *VIALIDADE DA INICIATIVA EMPRESARIAL* (...)En base ao anterior vemos que a previsión de resultados son positivos para os 3 primeiros anos de actividade, véndose un incremento proporcional do segundo ao terceiro ano. A emprendedora xa iniciou a actividade en febreiro, e xa ten clientes, pero aínda se ten que dar a coñecer máis. O boca a boca é moi importante, a parte de toda a difusión e publicidade que faga do seu negocio. As cifras son moi positivas e van aumentando ano tras ano.(...)

Visto que a empresa xa está en funcionamento e visto o "artigo 3.- Beneficiarios", da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que:

"1. Poderán ser beneficiarios do Viveiro de Empresas os emprendedores e/ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

(...) b. Empresas de recente creación. Empresas xa existentes cunha antigüidade máxima do negocio de 24 meses desde o inicio da actividade ata a data de presentación da solicitude. Considerarase como inicio de actividade a data que figure no modelo 036 da Axencia Estatal da Administración Tributaria. (...)"

Visto o punto 1 do artigo 11.- "Duración do contrato", da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que: "1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo."



Por todo o anteriormente exposto, vista a proposta emitida ao respecto pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira a Nerea Pazos Janeiro, para poder levar a cabo a actividade da súa empresa “FABRICAMOS TU COMUNICACIÓN”, durante un período de 2 anos a contar dende a data que recolla o contrato de cesión.

Segundo.- Facerlle entrega, no momento da sinatura da cesión do espazo no Viveiro de Empresas do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Ribeira”, dun xogo de 3 chaves das entradas do Viveiro de Empresas, unha chave da oficina e dos planos do Viveiro de empresas.

9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Patricia Constantino da Silva

Visto o escrito presentado por **Patricia Constantino da Silva**, de data 17/10/2024 (Registro de entrada nº 25.948), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de venda ambulante (Churros – 3,00 m x 2,00 m), o día 01/11/2024, no exterior dos cemiterios municipais de Ribeira e Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Patricia Constantino da Silva** para a instalación dous postos de venda ambulante (Churros – 3,00 m x 2,00 m), o día 01/11/2024, no exterior dos cemiterios municipais de Ribeira e Palmeira.
- Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11601 08.05.2024 MARLEM KIDS S.L.L., acondicionamento de local na rúa Santa Uxía, nº 3, Ribeira.



11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22112 05.09.2024 CONSTANCIA ORGEIRA BOQUETE, reparación de cuberta, no lugar de Fonterramil, nº 15, Castiñeiras.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20669 11.09.2023 ESTEBAN VIDAL SIEIRA, colocación de piscina prefabricada, en Vixán, 64-B, Carreira.

13 LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. LUGAR: LUGAR DE RÚA REAL, Nº 1, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA. PROMOTORA: EUGENIA ARGIBAY SUÁREZ

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, no lugar de **RÚA REAL, Nº 1, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA** da que é promotora **EUGENIA ARIBAY SUÁREZ**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día **26 de setembro de 2024**.

VISTO o informe emitido pola enxeñeira municipal o día **26 de setembro de 2024** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **5.139,64 €**.

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **27 de setembro de 2024** e

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data **1 de outubro de 2024**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Eugenia Argibay Suárez **LICENZA DE OBRAS (Nº 39/24)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** e sita na **Rúa Real nº 1, Castiñeiras, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº **0391912NH0009S0001MG**, achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 11 de abril de 2023 así como Anexo ao Proxecto Básico e de Execución consistente en Memoria urbanística modificada - Memoria cumprimento DB-SE - Plano G-02.1



Emprazamento - Plano A-03.1 Alzados - Plano A-Seccións, con sinatura de febreiro de 2024 redactados por D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

- Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 5.139,64 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).



- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241422321
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 25/10/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/10/2024 10:58:14		Fecha: 25/10/2024 Hora: 10:58



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Sergio Parada Romero

Visto o escrito presentado por **Sergio Parada Romero**, de data 21/10/2024 (Registro de entrada nº 26.147), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 0814642NH0101S50149EG e sita na Rúa Arcebispo Xelmírez, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/10/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de restauración da legalidade urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 0814642NH0101S50149EG e sita na Rúa Arcebispo Xelmírez, Ribeira.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Elena López Fernández

Visto o escrito presentado por **María Elena López Fernández**, de data 16/10/2024 (Registro de entrada nº 25.831), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A007009450000KQ e sita na Rúa Bouciña, Palmeira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/10/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de restauración da legalidade urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A007009450000KQ e sita na Rúa Bouciña, Palmeira, Ribeira.



16.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN –PERSONAL TÉCNICO EN XESTIÓN CULTURAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 16/10/2024, relativa á Resolución número 41462, de 14 de outubro de 2024 da Presidencia da Deputación de A Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de Subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2025 (BOP número 200 de 16 de outubro de 2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollese ao sinalado na citada convocatoria e solicitar a subvención para o financiamento do “programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2025” na modalidade B: mantemento do posto de traballo de técnico municipal en xestión cultural para a praza correspondente ao Técnico de Promoción Cultural (persoal técnico en xestión cultural, grupo II).
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luís A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se solicitan (Anexos Documentación. Anexo I).
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida, así como declarar o compromiso de utilización da lingua galega na realización e desenvolvemento dos proxectos e actividades organizadas e de participación nas actividades formativas organizadas pola área de Cultura da Deputación da Coruña no ámbito das políticas culturais.
- 6.- Remitir na data correspondente a documentación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

17.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Miriam Paz Ramallo (A ILLA)

VISTO o escrito presentado por **Miriam Paz Ramallo**, en representación do establecemento “Bar A Illa” (Aguiño), de data 17/10/2024 (Rexistro de entrada nº 25.916), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar A Illa” (Aguiño), os días 18, 19, 20, 25, 26 e 27/10/2024, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Miriam Paz Ramallo, para eventos musicais no



establecemento hostaleiro “Bar A Illa” (Aguiño), os días 18, 19, 20, 25, 26 e 27/10/2024, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar A Illa” (Aguiño) (**Miriam Paz Ramallo**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás



esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

18.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN –PERSONAL TÉCNICO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE SAN ROQUE

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 22/10/2024, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2025”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 200, de data 16/10/2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2025”, – **Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque**. Importe a solicitar: 20.000 €.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

19.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 17/10/2024, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 200, de data 16/10/2024)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento de eventos gastronómicos do municipio para a Dorna (Festa de Interese Turístico de Galicia) - Feira Artesanal e Mariñeira “ARTEMAR” – Festa do Polbo de Palmeira – Evento Turístico Gastronómico “Camiño dos Mitos e Lendas” “subvencións dirixidas a concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025”.
 - O importe solicitado é de 30.000 € e o importe total é de 50.000€.
 - O Coeficiente solicitado é do 20% o Concello de Ribeira e o 80% a Deputación da Coruña.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida; así como utilizar a lingua galega na realización e desenvolvemento do proxecto.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

20.- MODIFICACIÓN DAS BASES (DATAS) DA RUTA DE TAPAS DE OUTONO 2024 “TOMA CASTAÑA”



Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 17/10/2024, relativa á modificación das bases (datas) da Ruta de Tapas de Outono 2024 “Toma Castaña”, na que expón:

“Modificar as bases da ruta de tapas de outono “TOMA CASTAÑA” aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro do 2024; posto que se modifican tanto as datas da celebración do evento coma as datas do período de inscrición.

Con motivo da vindeira programación de outono 2024, desde o Servizo de Turismo co fin de impulsar un fluxo de turismo tanto de poboación local como foránea; estamos interesados en crear a organización dunha ruta de tapas de outono “TOMA CASTAÑA” polos locais hostaleiros do municipio.

Esta ruta de tapas terá lugar a cuarta fin de semana de novembro coincidindo no venres 22 e no sábado 23 de novembro en horario aberto en todos os locais hostaleiros do municipio de Ribeira que se adscriban a esta iniciativa.

Para garantir a boa organización deste evento é preciso regular e dispor das bases de participación que permitan establecer normas e criterios de aplicación no seu desenvolvemento.

En consecuencia achéganse en anexo as BASES de participación nesta ruta de outono “TOMA CASTAÑA” que determinan entre outros a forma de inscrición e os prazos para a participación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a modificación das bases (datas) da Ruta de Tapas de Outono 2024 “Toma Castaña” segundo o contido da citada proposta.

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso (PEDRA PATEIRA)

VISTO o escrito presentado por Rafael Augusto Núñez Orejarena en representación de **Manuela Pérez Pouso** e do establecemento “Pedra Pateira” (Ribeira), de data 10/10/2024 (Rexistro de entrada nº 25.466), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 31/10/2024, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Manuela Pérez Pouso**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 31/10/2024, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Pedra Pateira” (Ribeira) (**Manuela Pérez Pouso**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo



público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e*



mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE TÓTEMS/MONOLITOS INFORMATIVOS EN ESPAZO PÚBLICO/MODIFICACIÓN UBICACIÓN – Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica

Visto o escrito presentado por María Esther Vidal Rodríguez en representación da **Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica**, de data 18/10/2024 (Rexistro de entrada nº 26.011), no que solicita autorización para a instalación temporal de tótems/monolitos informativos do “Proxecto Amiríos”, os días 26/10/2024 a 03/11/2024, na Praza de España (Ribeira), modificando a anterior ubicación solicitada para a Avenida do Malecón (Ribeira).

Visto o acordó da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 10/10/2024, no que se resolve non autorizar a mesma petición por solicitada en espazo de competencia autonómica (Portos de Galicia).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación temporal de tótems/monolitos informativos do “Proxecto Amiríos”, os días 26/10/2024 a 03/11/2024, na Praza de España.
- **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta da citada instalación temporal.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

23.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – SERVIZOS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, de data 21/10/2024, relativa á convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2025 (BOP nº 200, do 16 de outubro de 2024)..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na antedita convocatoria e solicitar unha subvención dunha contía de 20.000,00 € para o financiamento das retribucións da técnica do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2025.



- 2.- Facultar a Luís Pérez Barral, alcalde do Concello de Ribeira, para actuar en representación do Concello e formular a correspondente solicitude.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar a Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

24.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – PERSOAL TÉCNICO DEPORTES

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, relativa ás “Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de Deporte en 2025”, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 198 do 14/10/2024 e á “Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte 2025”, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 200 do 16/10/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Presentar a seguinte solicitude de subvención: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2025 (FO106/2025), na modalidade B e por importe de 15.000,00€
- Aceptar as bases da convocatoria cos compromisos que nela se inclúen.
- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que realice do desenvolvemento da actividade subvencionada.
- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Nomear como representante para as relacións desta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña ao Sr. Alcalde do Concello de Ribeira D. Luis Antonio Perez Barral.

25.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – PERSOAL TÉCNICO OFICINAS TURISMO

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2025”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 202, de data 18/10/2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo por un período mínimo de catro meses durante o ano 2025”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

26.- SINALIZACIÓN DO RECURSO "GRIP" NA PRAIA DAS FURNAS (CORRUBEDO)

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-puerta Colomer, en relación á sinalización do recurso “Grip” na Praia das Furnas (Corrubedo), e no que expón:

*“O escultor **Antony Gormley**. Naceu en 1950, fillo de nai alemana e pai irlandés, gañador dun Premio Turner, considerado o galardón máis prestixioso das artes visuales británicas. En 2008, The Daily Telegraph situono no puesto 4 das 100 personalidades máis influentes da cultura daquelas illas.*

Antony Gormley, doctor honoris causa da universidade de Cambridge e un dos nomes propios da escultura inglesa a nivel mundial. Gormley, que conta cunha traxectoria que arrancou nos anos sesenta, é un dos escultores máis famosos do Reino Unido. O seu traballo confronta as cuestións fundamentais da humanidade e a súa relación coa natureza.

Unha das obras de Antony Gormley é “Grip” unha obra de arte que imita a un home. Está conformada por media tonelada de ferro fundido e ten un valor estimado de medio millón de euros. Esta obra foi cedida polo arquitecto David Chipperfield ao Concello de Ribeira por un período de 20 anos, prorrogable por unha década máis.

Na actualidade a escultura atópase nas Furnas en Corrubedo, sobre unha roca de pé oteando o mar e ten unha particularidade; xa que emerxe e sumerxese coas mareas; en ciclos de doce horas.

Gormley creou moitos irmáns de “GRIP” que están repartidos por todo o planeta, habitando en lugares idílicos como en medio do deserto australiano, nos Alpes austríacos, a 2.039 metros sobre o nivel do mar, na praia de Crosby Beach, cerca de Liverpool, en Lelystad, Holanda, ou no Parque Arqueolóxico de Scolacium, na rexión italiana de Calabria, Outras estatuas son urbanitas e nómadas como, por exemplo, as da serie Event Horizon, que viaxaron por grandes cidades de tres continentes, entre outras.

Polo exposto; consideramos que Grip en Corrubedo podería ser un importante atractivo turístico e



atraer un fluxo de visitante á localidade e, na actualidade, non está a ser un recurso aproveitado; posto que carece de sinalización turística."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a sinalización do recurso "GRIP" en Corrubedo.
- Autorizar a colocación de sinais en corrubedo para por en valor e promocionar o recurso "GRIP".
- Dar traslado deste acordo á Policía Local.

27.- CESIÓN DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA A ENTIDADE DISCOVERY PRODUCCIONES PARA A REALIZACIÓN DUN MUSICAL INFANTIL DENOMINADO "EL MUNDO DE LOS MUÑECOS"

LOGO DE VER que D. Alberto Mariano Monsalvo García, con DNI: 70.077.698-X, en representación da entidade "Discovery Producciones.", presenta escrito de data 04-10-2024, con número de rexistro de entrada municipal 25.026, solicitando autorización: *"para la realización del musical infantil denominado El Mundo de los Muñecos, un día en el mes de noviembre o diciembre del 2024, en el polideportivo o pabellón"*.

DE VER o informe-proposta do técnico de Deportes municipal de data 22-10-24 favorable á mesma con condicionantes.

E DE VER a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 22-10-24 favorable á mesma con condicionantes.

De conformidade co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) e o Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos; **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar autorizada a cesión do polideportivo A Fieiteira, á entidade "Discovery Producciones", o día 23 de novembro de 2024, de 15.30 a 20.00 horas (neste horario inclúese: montaxe, actuación e desmontaxe do evento), cos seguintes condicionantes:

1º) O interesado, deberá proceder ao pago da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F polo importe de **430,10 euros/ media xornada**, con unha anterioridade mínima de 48 horas á celebración do evento, previa liquidación da Tesouraría municipal segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza Fiscal. Tamén deberá facer o pago da taxa correspondente á recollida de basura de instalacións deportivas, por un importe de **77,74 euros**.

2º) Deberá achegar á Oficina de Deportes con unha antelación mínima de 48 horas á celebración do Evento a seguinte documentación:

- 1 – Xustificante de pago da taxa especificada no apartado anterior (430,10 + 77,74 €).
- 2 – Copia da póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa.
- 3 – Copia do recibo do pago desa póliza.



4 – Declaración responsable asinada polo promotor de evento, comprometéndose a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego (limpeza e orde), respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

De no achegar a documentación indicada no prazo previsto, non poderá acceder ás instalacións.

Aprobar a liquidación por importe de **507,84 euros** (430,10 euros +77,74€) que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) máis 77,74 euros correspondentes a taxa de recollida de basura de instalacións deportivas municipais), dando conta do presente acordo á Tesouraría municipal para emitir á Carta de Pago correspondente.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan.

28.- AUTORIZACIÓN DE USO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB NATACIÓN RIBEIRA, PARA A CELEBRACIÓN DUNHA COMPETICIÓN FEDERADA DE “NADA E CORRE”

LOGO DE VER que Dna. María Villar Loureiro, en representación do Club Natación Ribeira, presenta escrito de data 11/10/2024, con número de rexistro de entrada municipal 25.566, solicitando:

“QUE POR MOR DE CELEBRACIÓN DA COMPETICIÓN FEDERADA NADA-CORRE SOLICITAMOS PERMISO PARA A UTILIZACIÓN DA PISCINA DE 9.00 A 12 DA MAÑÁ O DÍA 3 DE NOVEMBRO E A CONTINUACIÓN A UTILIZACIÓN DA PISTA DE ATLETISMO E A PISTA DE BALONCESTO PARA A ENTREGA DE PREMIOS ATA ÁS 15.00 APROXIMADAMENTE.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
- A piscina municipal “María Vilas”, o estadio de atletismo “Ana Peleteiro” e o polideportivo A Fieiteira non teñen actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
- En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar as zonas anteriormente mencionadas (piscina, estadio e polideportivo) ao público durante o período de cesión.

DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 22-04-24 favorable á mesma con condicionantes.

E DE VER a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 22-10-24 favorable á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:



Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas”, o estadio de atletismo “Ana Peleteiro” e o polideportivo A Fieiteira ao Club Natación Ribeira, para a celebración dunha competición federada de “Nada e Corre”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso das instalacións será só para o **domingo 27 de outubro de 2024**:
 - De 09.00 a 12.00 horas, a piscina “María Vilas”.
 - De 11.30 a 13.30 horas, o estadio de atletismo “Ana Peleteiro”.
 - De 13.30 a 15.00 horas, o polideportivo “A Fieiteira”.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

29.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHER EN INTERIOR E TERRAZAS DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS – Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas

Visto o escrito presentado por Lois Alberte Lopes García en representación da **Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas**, de data 22/10/2023 (Rexistro de entrada nº 26.283), no que solicita a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para as terrazas dos establecementos hostaleiros do Concello de Ribeira os días 01/11/2024 (Festa de Tódolos Santos), 06 e 08/12/2024 (Festa da Constitución e a Inmaculada Concepción), e os días 22/12/2024 ao 06/01/2025 (Festas do Nadal).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 25/10/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/10/2024 10:58:14

DOCUMENTO: 20241422321

Fecha: 25/10/2024
Hora: 10:58



- **Autorizar**, de xeito extraordinario, a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para as terrazas dos establecementos hostaleiros do Concello de Ribeira os días 01/11/2024 (Festa de Tódolos Santos), 06 e 08/12/2024 (Festa da Constitución e a Inmaculada Concepción), e os días 22/12/2024 ao 06/01/2025 (Festas do Nadal).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local pra o seu coñecemento

30.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Ayaso Sainz Alberto 000569266B, S.L.N.E.

Vistos os escritos presentados por Alberto Ayaso Sainz en representación de **Ayaso Sainz Alberto 000569266B, S.L.N.E.**, de data 22/10/2024 (Rexistro de entrada nº 26.227 e 26.229), nos que solicita autorización para a ocupación temporal do aparcadoiro da parcela con referencia catastral 15074A93801740001IX, para a instalación dunha carpa co motivo da celebración da comida de Nadal da empresa Frinsa o día 20/12/2024 (Por montaxe/desmontaxe se solicita autorización durante os días 16 ao 24/12/2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación temporal do aparcadoiro durante os días 16 ao 24/12/2024 da parcela con referencia catastral 15074A93801740001IX, para a instalación dunha carpa co motivo da celebración da comida de Nadal da empresa Frinsa o día 20/12/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

31.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN – Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Visto o escrito remitido pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, de data 21/10/2024 (Rex. Saída nº 19693/RX 1989968), e rexistrado de entrada en data 22/10/2024 co nº 26.197, no que require documentación co obxecto de completar o expediente iniciado a raíz do escrito remitido por este concello solicitando apertura extraordinaria de establecementos comerciais, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 17/10/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** requirir informes á Asociación de Empresarios de Ribeira, ás organizacións sindicais CC.OO., UGT e CIG, así como á Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, relativos á solicitude de autorización de apertura de establecementos comerciais o día 01/11/2025 en substitución do 08/12/2025, co fin de remitilos á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

